WIKIPEDIA

# Lingua kogui

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **kogui**[2] é unha lingua chibcha falada polo pobo kogui que habita na Serra Nevada de Santa Marta. Hai polo menos 7 739 falantes, o 84,37% dos kogui, a maioría deles monolingües.[1] A porcentaxe de alfabetismo é do 18,34%.[1]

| **Kogui** *Kággaba* | |
|---|---|
| Falado en: | Colombia |
| Rexións: | Serra Nevada de Santa Marta |
| Total de falantes: | 7 739 (2005)[1] |
| Familia: | Americana<br>Chibcha<br>Arhuaco-chimilla<br>Arhuaco<br>**Kogui** |
| **Estatuto oficial** | |
| Lingua oficial de: | Colombia |
| **Códigos de lingua** | |
| ISO 639-1: | -- |
| ISO 639-2: | kog |
| ISO 639-3: | kog (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=kog) |

## Índice



## Sintaxe

En xeral, esta lingua emprega a estrutura lingüística suxeito-obxecto-verbo:[3]

/saka a'tema hi'ungula stuĩ/
{saka/a'-tema/hi'u+ngula/stuĩ}
//lúa/grande/camiño/alumear//[Ligazón morta]
"A lúa chea alumea o camiño"[2]

Unha oración sen suxeito explícito adquire unha aparencia de obxecto-suxeito-verbo, polo prefixo e persoa do verbo:

/bi'giʒa nak'luni/
{bi'giʒa/nak'-luni}
//piña/1PS-desexar//[Ligazón morta]
"Quero piña"

A composición das palabras realízase unindo os lexemas con afixos diferentes de clasificación, número, xénero, énfase, tempo, modo e caso. Preséntanse os casos nominativo, alativo, acusativo, dativo, locativo e xenitivo.[2]

### Fonoloxía

A lingua kogui presenta 31 fonemas, 12 vogais e 19 consoantes:[3][4]

### Vogais

| | Anteriores | | Centrais | | Posteriores | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | oral | nasal | oral | nasal | oral | nasal |
| Pechadas | i | (ĩ) | ɨ | (ɨ̃) | u | (ũ) |
| Medias | e | (ẽ) | (ə) | | o | |
| Abertas | | | a | (ã) | | |

Para a lingüista Carolina Ortiz a nasalización das vogais é un fenómeno suprasegmental, orixinado na presenza da consoante nasal alveolar /n/, xa que as vogais nasais preséntanse en contextos nasais. Encontra, en poucas palabras, o fonema /o/ e non rexistra /ə/ como fonema.[2]

### Consoantes

| | | labiais | alveolares | palatais | velares | glotais |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Oclusivas | xordas | p | t | (c) | k | ʔ |
| | sonoras | b | d | | g | |
| Nasais | | m | n | | ŋ | |
| Fricativas | xordas | | s | ʃ | x | h |
| | sonoras | | z | ʒ | | |
| lateral | | | l | | | |
| aproximantes | | w | | j | | |

Carolina Ortiz inclúe a oclusiva palatal xorda /c/ como fonema.[2]

# Notas


1. Ministerio de Cultura (2010) Os kaggabba, os guardiáns da harmonía do mundo (http://www.mincultura.gov.co/?idcategoria=41775#). Bogotá.
2. Ortiz Ricaurte, Carolina (2000) La lengua kogui. Fonología y morfosintaxis nominal (http://www.lenguasdecolombia.gov.co/sites/lenguasdecolombia.gov.co/files/kogui.pdf); *Lenguas Indígenas de Colombia, una visión descriptiva*; Bogotá: Instituto Caro y Cuervo.
3. Huber, Randall Q. & Robert B. Reed (1992) *Vocabulario comparativo. Palabras selectas de lenguas indígenas de Colombia*: XVII. Bogotá: Instituto Lingüístico de Verano. ISBN 958-21-0037-0
4. Gawthorne, Linda & Grace Hensarlin (1984) "Fonología del cogui"; *Sistemas fonológicos de idiomas colombianos* 5 (http://www-01.sil.org/americas/colombia/pubs/18607.pdf) Arquivado (https://web.archive.org/web/20160303213356/http://www-01.sil.org/americas/colombia/pubs/18607.pdf) 03 de marzo de 2016 en Wayback Machine.: 5-56. Lomalinda: Editorial Townsend. ISBN 088312680X


# Véxase tamén

### Ligazóns externas

Traído desde "https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Lingua_kogui&oldid=5449669"

**A última edición desta páxina foi o 4 de maio de 2020 ás 09:16.**

Todo o texto está dispoñible baixo a licenza Creative Commons recoñecemento compartir igual 3.0; pódense aplicar termos adicionais. Consulte os termos de uso para obter máis información.
Wikipedia® é unha marca rexistrada da Wikimedia Foundation, Inc., unha organización sen fins lucrativos.